

# Instrucións para entregar as túas tarefas en fotografía

Se vas enviar varios arquivos, faino en ORDE!

Páxina1.jpg

Páxina 2.jpg




Páxina 3.jpg

ou

Imaxe 1.jpg

Imaxe 2.jpg

Asegúrate de **XIRALA** para que se lea coa cabeza dereita, que comezo a ter dor de pescozo!



## PARA FACER A FOTO

Asegúrate de **NON** dar **SOMBRA** sobre a túa tarefa.

Tarefa que teño que entregar hoxe



Tarefa que teño que entregar hoxe




✔ Tenta usar luz natural, se a usas artificial, mellor unha lámpada de mesa preto do papel pra iluminar ben e non facer sombras.

✔ Evita usar o flash, soe crear reflexos no papel.


✔ Se non tes moito pulso, apóiate nalgo firme pra gañar estabilidade (unha pila de libros, unha cadeira...)

Asegúrate de **ENFOCAR** correctamente. **NIN MOI LONXE NIN MOI PRETO**. Tenta achegarte ti, e non usar o zoom (o zoom, a non ser que sexa óptico, reduce a calidade da foto) e mantén a distancia mínima de enfoque (se te achegas demasiado o móbil non enfoca ben)

SI




NON





**NON INCLINES** o teléfono (case sempre axuda poñer a tarefa no chan)

Tarefa así  
NON



Tarefa así  
SI



Situación ideal:  
Ventá con Luz natural ou foco orientado cara a tarefa e sempre evitando darlle sombra co móbil cando lle saques a fotografía.

Se podes usa os teus coñecementos de **EDICIÓN** para retocar a **IMAXE** (case sempre chega con **RECORTAR** e aumentar o **CONTRASTE** coas propias aplicacións de edición de imaxe que teñen os móbiles)